

SOLUCIÓN DE EJERCICIOS FASE 3.6

Traballos da inmobiliaria

Ides realizar unhas actuacións para a inmobiliaria, así que porvos as pilas que hai traballo.

En grupos de 4 persoas, ídesvos a repartir o traballo, para conseguir facelo ben e en menos tempo.

Cada grupo contará con responsable de oficina, axente de información, axente de compras e vendas e axente portavoz.

Podedes usar o voso caderno para realizar os cálculos e responder as cuestións que se expoñen, decidindo ao principio como ides distribuír o traballo, sendo o axente portavoz o encargado de comunicar ao resto da aula como chegastes ás solucións e cales foron esta.

a) Unha inmobiliaria ten 15 bloques de apartamentos e cada bloque ten 8 plantas. Se cada planta ten 6 apartamentos, cantos apartamentos ten en total?

$$(15 \times 8) \times 6 = 120 \times 6 = 720 \text{ apartamentos}$$

b) Sabendo que un dos bloques de apartamentos trátase de vivendas de luxo de 500 m², cun custo de 2.500 €/m², cal será o prezo de cada apartamento?

$$500 \times 2.500 = 1.250.000 \text{ €}$$

c) O soto de cada bloque de apartamentos está destinado a garaxes. Hai unha praza de garaxe para cada apartamento, excepto no bloque dos apartamentos de luxo que contan con dous para cada un. Se cada praza véndese a razón de 15.000 €, canto ingresarán pola venda de todas as prazas de garaxe?

$$(14 \times 8) \times 6 + (8 \times 6) \times 2 = 112 \times 6 + 48 \times 2 = 672 + 96 = 768 \text{ garaxes}$$
$$768 \times 15.000 = 11.520.000 \text{ €}$$

d) Os bloques contan con 4 locais cada un, destinados a actividades comerciais. Cada local ten unha superficie dispoñible de 750 m². Ofrecenos en aluguer a un prezo de 2.000 € mensuais, ou ben á venda por 1.000.000 €. Se un empresario quixese montar un negocio nun destes locais, tendo previsto traballar até a súa xubilación dentro de 25 anos, de cal das dúas formas aforrará diñeiro?

$$(2.000 \times 12) \times 25 = 24.000 \times 25 = 600.000 \text{ € pagaría polo aluguer}$$
$$600.000 \text{ €} < 1.000.000 \text{ €, resultando mellor la opción de alugar}$$

e) Sabendo que facer os apartamentos non luxosos custou 80.000 € cada un e que os venden a un prezo de 125.000 €, que beneficio obterán pola venda destes apartamentos?

$$672 \times (125.000 - 80.000) = 672 \times 45.000 = 30.240.000 \text{ € de beneficio}$$